

INFORME URBANÍSTICO

A edificación atópase dentro do ámbito do Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico Artístico de Muros, con entrada en vigor en data 9/5/2008.

Segundo o PEPCHA, o inmovible ubícase no ámbito da cualificación zonal de formacións lineais históricas, polo que será aplicable os parámetros dispostos no PEPCHA, con respecto a esta ordenanza (Art. 141).

Pola outra banda, hai que engadir que o inmovible inclúese no Catálogo de protección do Plan Especial clasificándose cun nivel protección 2, “Edificios de características singulares e de elevado valor arquitectónico” (anexionase ficha de catálogo), definindo como caracteres determinantes o sistema estrutural vertical (muros pétreos) e os soportais (ver ficha adxunta).

Os seguintes elementos catalóganse, polo tanto deberán conservarse ou restaurarse.

1. Soportais
2. Ventás
3. Cornixas
4. Elementos decorativos de fachada
5. Relevos de morteiro con motivos modernistas, sobre todo en cornixa.
6. Cantería
7. Carpintería interior (falso teito de madeira)
8. Palco interior

A normativa urbanística aplicable, polo tanto, é o P.E., nembargantes merecen especial atención:

- TIT. V. CAP. II Actuacións autorizadas no patrimonio arquitectónico catalogado.
- TIT. VI. CAP. II Condicións Xerais de Estética Urbana.
- TIT. X Protección e conservación do Patrimonio Arqueolóxico.
- Art. 72 “Actuacións en edificios de características singulares e de elevado valor arquitectónico, histórico ou cultural”

Muros, febreiro de 2011